

Ribadeo

Arciprestado da diocese creado en 1855. Comprendía, a mediados do século XX, as parroquias do concello homónimo e dúas de cada un dos municipios de Barreiros e Trabada.

En 1988, a raíz do decreto do bispo Gea Escolano, o seu espazo pasou a abranguer as freguesías todas de Ribadeo e Trabada, boa parte das de Barreiros e unha da Pontenova.

Deixou de existir como división eclesiástica individualizada trala entrada en vigor do decreto episcopal de 19 de xuño de 2006, mercé ó cal o seu territorio se incorporou a unha nova demarcación denominada arciprestado de Ribadeo-Miranda.